

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA AO FINALIZAR 1º ESO

1. Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas, instrucións para a súa realización ou exposicións orais de temáticas variadas.
2. Comprensión de textos propios dos medios de comunicación, especialmente de novas de actualidade próximas aos intereses do alumnado.
3. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (aclaracións, opinións, exposicións, conclusións...)
4. Detección do tema e dos subtemas de narracións. Análise do contido de textos escritos (subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas, e creación de resumos).
5. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos galegos e aos signos de puntuación.
6. Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas...
7. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios).
8. Pequena aproximación á historia da lingua galega. (As orixes do galego)
9. Comparación entre textos literarios e non literarios. Recoñecemento dos tres grandes xéneros literarios.
10. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

Non poderá promocionar de 1º a 2º curso de ESO un alumno/a que non posúa as habilidades mínimas de lecto-escritura.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º ESO

- ✚ Cada avaliación o alumno/a será avaliado polo seu **labor cotián na aula e a súa actitude cara ao mesmo**. Este apartado suporá a suma de **até 3 puntos sobre a nota obtida**. Pero unha actitude inadecuada na aula (por acción ou por omisión), o non emprego do galego na aula, tanto na relación co/a profesor/a coma cos/as compañeiros/as, será valorado negativamente. **Por cada vez que algo disto suceda serán descontados 0,5 puntos. Aínda que o máximo que ao alumno/a se lle poida descontar das cualificacións será de 2 puntos.**
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará unha **lectura** obrigatorias, unha lectura na aula (guiados pola profesora) e as lecturas voluntarias da súa preferencia. Cada unha desas lecturas será avaliada a través de distintos procedementos e suporán un 10% no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 1 punto sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará un **traballo de investigación** sobre a Cultura e Tradición Galega, para o cal deberá servirse das TIC. Este apartado suporá **un 20%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 2 puntos sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará un **exame** sobre os contidos conceptuais traballados na aula. Este apartado suporá **un 70%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 7 puntos sobre 10.

NON SERÁ POSIBLE APROBAR A UN ALUMNO/A QUE NUN OU VARIOS DOS APARTADOS ANTERIORES, SIGNALADOS NOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA CURSO, OBTIVASE UN CERO OU ABANDONASE ESE LABOR.